

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día dez de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1049).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de xullo e ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de xullo de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1050).- SOLICITUDE AO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA TRASLADO DAS ENSIANZAS DE GRADOS ÁS NOVAS INSTALACIÓNS DO AUDITORIO MAR DE VIGO. EXPTE. 17287/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 30/08/15, da concelleira de Educación que di o seguinte:

"- A Estipulación 2^a, derradeiro parágrafo do Convenio asinado entre o Concello de Vigo e o Centro Asociado da UNED en Pontevedra (11959/332), para a creación da Aula Universitaria da

UNED en Vigo, dispón “O Concello de Vigo garantiza á UNED unha ubicación, con carácter gratuito nun/nunhos local/locais acondicionado/s para tal finalidade e que serán autorizados pola UNED”;

- A Estipulación 2ª-segundo parágrafo de te Convenio dispón que “Todo cambio de situación da Aula ou calquera actuación que se pretenda realizar en ou dentro do inmovible, será previamente comunicada ao Director do Centro Asociado para que, en caso de considerarse beneficiosa para as actividades da Aula, a someta á aprobación da Xunta Reitora e do Vicerrectorado de Centros Asociados, sen cuxas autorizacións non poderá realizarse”.

- No expediente 16240/332 (Informe de 31/07/2015 do técnico superior de cultura e educación) recóllese, de acordo coas estimacións remitidas pola UNED para o horizonte de plena implantación, en 2018 dos novos graos xa concedidos e en funcionamento, os espazos e superficies¹ máximas² estimadas con tódolos graos e cursos implantados (escenario de implantación total dos graos de Dereito, Educación Social, Enxeñería informática, Enxeñería en tecnoloxías da información e Turismo, máis sala de estudos compartida UNED/Concello):

	Num	Alum/aula	Superficie x Alum	Superficie total m ²	Sup/aula m ²
Aulas grandes	3	50	1,5	225	75
Aulas pequenas	7	30	1,5	315	45
CUID	3	30	1,5	135	45
Salón de actos	1	80	1,5	120	120
Biblioteca	1	20	2	40	40
Sala de estudo	1	200	2	400	400
Sala informática	1	15	2	30	30
Aula web-conferencia	1	10	1,5	15	15
Despacho Coordinación	1			16	0
Conserxería	1			5	0
Sala de reprografía	1			15	0
Sala de profesorado	1	8	2	16	16
Almacén	1			20	0
Zonas comúns e de servizos				338	
TOTAL ESTIMADO				1690	
TOTAL superficie construída				2028	

- En Resolución desta concelleira delegada de data 22/10/2014 (expte. 16240/332) acordouse:
PRIMEIRO.- Iniciar as actuacións conducentes ao aluguer dun inmovible capaz de acoller os espazos necesarios que precisará a Aula UNED en Vigo e a a súa Sala de Estudo no horizonte temporal de 2018; inmovible que deberá dar satisfacción ás necesidades que figuran nos informes do técnico superior de Cultura e Educación de 26/09/2014, da arquitecta municipal, Xefa da Área

1 Estableceuse 1,5 m²/alumno para as aulas e 2m²/usuario para superficies de Biblioteca e Sala de Lectura, conforme aos estándares recollidos na normativa educativa (RD 132/210 de 12 de febreiro polo que se establecen o s requisitos mínimos de los centros que imparten *las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria* e documento básico de seguridade en caso de incendio do código técnico da edificación (RD. 314/2006, de 17 de marzo).

2 Tocante ao número de usuarios, tívose en conta as necesidades expresadas no informe citado da dirección da UNED. Respecto da Sala de Estudos, tomouse como referencia a capacidade da Sala de Lectura da Biblioteca da Fundación Novacaixa no edificio do antigo teatro García Barbón e as indicacións da vontade do goberno municipal de atender a demanda detectada de postos de estudo para estudantes dos distintos niveis educativos.

Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo, de 10/10/2014 e na documentación técnica achegada ao informe da Directora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, de 2 de setembro de 2014 e que obran no expediente 16240/332.

- Por Resolución desta Concelleira delegada de 7/08/2015 (expte.- 16240/332) , conforme ás motivacións recollidas na súa parte expositiva dispúxose:

PRIMEIRO: Incoar expediente para o arrendamento no “Auditorio Mar de Vigo” das superficies necesarias para a implantación en Vigo dunha Aula da UNED (Centro Asociado) e para a localización dunha “Sala de Estudos Universitarios”.

SEGUNDO: Incorporar ao expediente o informe da mercantil TINSA

TERCEIRO: Preparar as actuacións precisas instando á mercantil “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” na súa condición de concesionaria da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos e responsable da explotación das zonas existentes en dito inmovible, a realización de oferta de arrendamento.

CUARTO: Nomear instructor do expediente de contratación ao funcionario D. Francisco González-Yebra Pimentel, xefe do Departamento Administrativo da Alcaldía.

QUINTO: Requirir do secretario xeral do Pleno informe no que se considere a posibilidade xurídica de concertar de modo directo o arrendamento dadas as peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do inmovible.

- A Xunta de Goberno Local en acordo de data 28/08/2015, (expte.- 17054/332) acordou o seguinte:

Solicitar ao Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra a implantación progresiva na Aula de Vigo, dos seguintes grados universitarios:

- Estudos ingleses: lingua e literatura
- Administración e Dirección de empresas
- Ciencias ambientais
- Psicoloxía
- Ciencia política e da Administración
- Pedagogía
- Xeografía e Historia
- Historia da Arte

Visto o disposto no Convenio citado, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, acordar o seguinte:

Solicitar ao Centro Asociado da UNED en Vigo a autorización previa para o traslado das ensinanzas de grados que actualmente se imparten na Aula UNED de Vigo --así como os novos grados que se veñen de solicitar, ou aquelas ensinanzas que no futuro se poidan impartir--, dende a súa ubicación na rúa San Vicente/Caracol no Casco Vello de Vigo ás novas instalacións que se ubicarán na edificación do Auditorio Mar de Vigo, situado na Avda. de Beiramar desta cidade.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

3(1051).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AULA UNED VIGO, EXERCICIO 2014 E PAGAMENTO ANTICIPADO 2015. EXPTE. 16933/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Cultura e Educación, conformado pola concelleira delegada de Educación, que di o seguinte:

A directora da UNED de Pontevedra, en escrito de data 24/04/2015 --entrada Concello 28/04/2015 (Doc num 150050039)- solicita a este Concello, conforme ao disposto no Convenio entre esa entidade e o Concello de Vigo (exptes. 11959/332 e 15472/332-Adenda), o pagamento da aportación económica anticipada correspondente ao ano 2015, por un importe total de 88.589,05 euros; tal e como se indica na cláusula décimo primeira dese convenio, correspondería o pagamento anticipado á UNED, correspondente ao primeiro semestre de 2015, cun importe de 44.294,53 euros.

A mesma Directora, en escrito de data 27/05/2015 (Doc. num 150070452 de 02/06/2015), resposta á notificación enviada por este Concello (Doc. 11185 de 21/04/2015) (presentación de alegacións ao informe municipal sobre a xustificación dos gastos da Aula UNED Vigo no exercicio 2014), aceptando a conta final xustificativa remitida, na que consta unha diferenza a favor do Concello entre a cantidade aportada por este e a efectivamente xustificada, cun importe de 29.365,35 euros. Neste escrito indica, asemade, a súa preferencia –en lugar do reintegro-- pola compensación na aportación municipal correspondente ao ano 2015. Solicita tamén que esa compensación se realice no momento da presentación da conta xustificativa 2015 no primeiro trimestre de 2016, renunciando, para isto, a realizar a solicitude de pagamento adiantado correspondente ao segundo semestre de 2015.

Vistos os informes que obran no expediente do Servizo de Educación municipal, Intervención xeral de datas 20/04/2015 e 5/08/2015 e escritos de 13/03/2015 (Num 150030755) [Xustificación]; 28/04/2015 (Doc num 150050039) [Solicitude pagamento] e de 02/06/2015 (Doc 150070452) [Aceptación conta e solicitude forma de compensación diferencias], presentados polo Centro Asociado da UNED redáctase o seguinte proposta:

A Conta final xustificativa do Convenio entre o Centro Asociado da UNED de Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia, correspondente ao ano 2014, quedaría como se reflexa nos seguintes cadros:

Aportación do Concello ano 2014

CONCEPTO	EUROS
Aportación UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores	39.858,80
Aportación UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais	13.500,00
Aportación UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- graos	11.976,25
	65.335,05
DESCONTO xustificación anualidade 2013 (expte. 15891/332)	-31.107,25
TOTAL PAGADO EN 2014	34.227,80

Gastos xustificados pola UNED:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	4.400,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	17.134,72	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	5.580,90	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	8.058,86	Outros gastos material
7	Material funxible	795,28	Material funxible
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	27.515,62	
10	SUBTOTAL Material 6+7	8.854,14	
11	TOTAL XERAL	35.969,76	

Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría a seguinte cantidade a compensar pola UNED:

Pagado*	Xustificado (**)	A Compensar pola UNED
65.335,05 €	35.969,76 €	29.365,35 €

*Suma desconto xustificación anualidade 2013 + efectivamente pagado en 2014

** Tense en conta o desconto de 400 euros sobre o indicado na conta xustificativa presentada pola UNED en virtude do exposto no apartado c) anterior sobre retribución coordinación mes de agosto.

En relación coa Conta Xustificativa correspondente ao ano 2014 e coa solicitude de pagamento anticipado presentados pola UNED dentro do Convenio, conclúese:

- A aceptación da conta de gastos e xustificantes, remitidos pola UNED en tempo forma, cuxas coantías e finalidades se axustan ao previsto en Convenio.
- Respecto á conta xustificativa correspondente ao ano 2014: a UNED deberá compensar ao Concello pola diferenza entre o efectivamente xustificado en 2014 e o efectivamente pagado polo Concello de Vigo nese ano, que fai un total de 29.365,35 euros.
- Respecto do pagamento anticipado da aportación correspondente ao ano 2015: de acordo co informe de Intervención de 05/08/2015, non correspondería acceder á solicitude da Directora da UNED (escrito 27/05/2015 num 150070452) de que realice o pagamento a conta completo da cantidade prevista no Convenio para o primeiro semestre (44.294,53 euros –que se corresponde co 50% da cantidade prevista en convenio: 88.589,05 euros) e de que se regularicen os saldos mediante a non tramitación do anticipo do 2º semestre e posterior cadramento na presentación da conta xustificativa 2015¹. Considérase máis axustado tanto á solicitude da Directora da UNED como ao fondo do informe de Intervención citado, realizar a aportación municipal correspondente ao primeiro semestre de 2015, deducindo xa, da cantidade prevista en Convenio para ese ano, o

1 Presentación prevista en convenio no primeiro trimestre de 2016

saldo a favor do Concello derivado da conta xustificativa final de 2014¹. Neste sentido se propón a cantidade que se recolle no presente informe:

Conforme ás cantidades previstas no Convenio, corresponderíase a aportación do Concello á UNED para o ano 2015 co cadro seguinte:

CONCEPTO	EUROS
Aportación UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores	39.858,80
Aportación UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais	13.500,00
Aportación UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- graos	35.230,25
	88.589,05
DESCONTO xustificación anualidade 2014 (expte. 16933/332)	-29.365,35
TOTAL RESULTANTE A PERCIBIR POLA UNED ANO 2015	59.223,70
ENTREGA A CONTA (50%) PRIMEIRO SEMESTRE 2015	29.611,85

En consecuencia, previa fiscalización pola Intervención xeral e emisión de documento contable AD, propónse á Xunta de Goberno Local acordar a seguinte:

PROPOSTA:

1. Aprobar a conta xustificativa correspondente á aportación municipal ao Convenio para a creación e da Aula UNED Vigo do ano 2014, por un total de gastos de 35.969,76 €, conforme ao cadro que segue:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	4.400,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	17.134,72	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	5.580,90	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	8.058,86	Outros gastos material
7	Material funxible	795,28	Material funxible
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	27.515,62	

- 1 En relación coas consideracións realizadas no informe de Intervención que se cita, cómpre dicir que non é posible, neste momento, estimar con maior precisión (a partir dos datos de xustificación de 2013 e 2014) cal será o gasto que xustificará a UNED para o ano 2015, xa que este pode variar en función da intensidade de implantación de cada un dos distintos grados. A cantidade para cada ano foi estimada no expediente 15472/332 –segundo as indicacións e datos neste sentido da propia UNED--, sobre máximos teóricos de desenvolvemento destes, que se corroborarán ou non cos datos reais ao finalizar o exercicio. Unha vez se implante o segundo curso dos grados que se puxeron en marcha no curso académico 2014-2015, poderase determinar e corrixir probablemente, se é o caso, con maior precisión, un custo máis aquelado da Aula e, consecuentemente, das cantidades anuais previstas no Convenio.

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
10	SUBTOTAL Material 6+7	8.854,14	
11	TOTAL XERAL	35.969,76	
12	Total pagado polo Concello 2014	65.335,05	Suma desconto xustificación anualidade 2013+ efectivamente pagado en 2014
13	Diferencia (12-11) a compensar	29.365,35	A descontar en aportación 2015

2. Aceptar que o saldo a favor do Concello, por importe de 29.365,35 euros, sexa compensado mediante o desconto desta cantidade nas aportacións anticipadas á UNED previstas no Convenio para o ano 2015.
3. Proceder ao pagamento ao Centro Asociado da UNED de Pontevedra, NIF V36010866, da aportación municipal anticipada correspondente ao primeiro semestre do ano 2015, por un importe total de 29.611,85 euros, conforme ao cadro que segue:

CONCEPTO	EUROS
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso	39.858,80
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais	13.500,00
Aportación á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- grados	35.230,25
TOTAL PARCIAL 2015	88.589,05
DESCONTO xustificación anualidade 2014 (expte. 16933/332)	-29.365,35
TOTAL RESULTANTE A PERCIBIR POLA UNED ANO 2015	59.223,70
ADIANTO 50% 1º SEMESTRE 2015	29.611,85

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1052).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO. EXPTE. 12182/77.

Mediante escrito de data 1.09.15, co fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, o concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados por este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2015:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
11886/77	CMSE	Formación Prevención de Riscos	Spril, S.L.	1.900,00 €
11887/77	CMSE	Aluguer elementos de transporte	Autos Brea, S.L.	5.808,00 €
11947/77	CMSE	Adquisición maquinaria e útiles	Xenérico	6.198,81 €

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
12110/77	CMSUB	Material de oficina	Xenérico	3.000,00 €
12112-77	CMSUB	Adq. Materiais construción e mantemento	Xenérico	18.500,00 €
12114-77	CMSER	Xornada de fomento do Emprego Verde	EMPRENDEXT.S.L.U.	6.776,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(1053).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÓRROGA DA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F00473-C-006. EXPTE. 6693/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, 4.09.15, conformado pola concelleira de Igualdade e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O día 3 de marzo de 2015 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (en adiante CMIDM) emite informe no que se expón a problemática familiar de D^a María Josefina Golpe Carrera, vítima de violencia de xénero e acollida no Centro de Emerxencia desde o día 29 de outubro de 2014, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo para a unidade familiar composta pola Sra. Golpe e dous menores, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido e conformado polos servizos municipais de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou a necesidade de que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número F-00473-C-006, co obxecto de que D^a M^a Josefina Golpe Carrera a ocupase por un período de 6 meses, transcurridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2015.

Desde o día 17 de marzo de 2015 a Sra. Golpe permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido con data 4 de setembro de 2015 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a teor da situación psicolóxica, xurídica e social da unidade familiar, conclúese a importancia de prorrogar a estancia da unidade familiar na vivenda de protección municipal.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 por un período máximo de

6 meses de duración a contar desde o día 17 de setembro de 2015 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 6693/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1054).- ASISTENCIA DA XEFA DE FISCALIZACIÓN, DOLORES HERNÁNDEZ, AO CURSO SOBRE “FISCALIZACIÓN DAS SUBVENCIONS” EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 102545/140.

Visto o informe de fiscalización do 7.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Fiscalización, da mesma data, conformado polo interventor xeral, o tesoureiro municipal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Escola Galega de Administración Pública convocou no DOGA de data 7 de abril de 2015, un curso sobre “FISCALIZACIÓN DAS SBVENCIONS”, coa finalidade de dar a coñecer as novidades mais relevantes nesta materia, en especial no relativo á difusión da actividade subvencional da entidade local, ademáis de abordar outros temas de relevancia como o Plan estratéxico de subvencions e o Control financeiro de subvencions.

O curso ten unha duración de 25 horas , sendo a súa impartición en modalidade presencial a través da asistencia durante os luns entre o 14 de setembro 2015 a 23 de novembro á sede da EGAP en Santiago de Compostela, en xornada de tarde (de 17:00 a 20:00 horas e a 19:00 os 2 derradeiros días).

En consecuencia co anterior, solicítase se autorice a asistencia ao citado curso á funcionaria Dña M^a Dolores Hernández Vidal, con DNI 35.320.992.F e número de persoal 80.658 , para a súa posta ao día das novidades en materia de fiscalización de subvencions para a súa aplicación a esta Entidade .

Os gastos que se ocasionarán con motivo da asistencia ao curso serán os seguintes:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
<i>Desprazamento Pontevedra-Santiago-Pontevedra durante os 11 días do curso: - Kilometraxe 108 Km o traxecto ida e volta :225,72€ - Peaxes + parking: 184,8</i>	410,52 €	9310.2312000

En base ao anterior informe realízase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA

- *Autorizar a asistencia ao curso que se celebrará en Santiago de Compostela, en sesión de tarde, os luns comprendidos entre o 14 de setembro e o 23 de novembro do ano á funcionaria D^a M^a Dolores Hernández Vidal (NRP 80658).*
- *Autorizar o gasto de desprazamento polo importe e co detalle que figura na proposta precedente:*

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
<i>Desprazamento Pontevedra-Santiago-Pontevedra durante os 11 días do curso: - Kilometraxe 108 Km o traxecto ida e volta :225,72€ - Peaxes + parking: 184,8</i>	<i>410,52 €</i>	<i>9310.2312000</i>

- *Líbrense os fondos a xustificar polo total do citado importe, que ascende a 410,52 euros, a nome de M^a Dolores Hernández Vidal (NIF 3520992F) que serán xustificadas co título do curso e coas facturas de desprazamento e demais que se deriven da asistencia ao devandito curso.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1055).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS S.A. SOBRE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 11295/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.09.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 7.09.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Antecedentes

1.A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 12 de agosto de 2015, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal "Camiño a Camiño" e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redactada memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc.150113081) aceptando a proposta de convenio, achega copia das escritura pública de apoderamento da dita entidade e certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten abribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das sete rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 4, 11, 18 e 25 de outubro, 8, 15 e 22 de novembro de 2015; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental con número de procedemento administrativo 11294/306 e trala súa aprobación por acordo da Xunta de Goberno que tivo lugar o 28/08/2015, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigárase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 88.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de

2 de abril, 4.2. e 25 do TRLCSP, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

O convenio proposto non implica gasto ningún para o Concello de Vigo.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigo 4.2. e Disposición adicional segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 11295/306 e co texto que de seguido se indica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE
“VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”
(GRUPO VEGALSA-EROSKI)

En Vigo, _____ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro,

outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente e, tamén, o fomento de hábitos de vida favorables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A concellería de Medio Ambiente e Vida Saúdable ten en tramitación con número de procedemento 11294/306 un proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de setembro a novembro de 2015.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto "Tenda Sustentable" recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos lóxicos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das sete rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 4, 11, 18 e 25 de outubro, 8, 15 e 22 de novembro de 2015; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental con número de procedemento administrativo 11294/306 e trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar en sesión do 28/08/2015, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

SÉPTIMO.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

*POLO CONCELLO DE VIGO,
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez*

*POR VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U
O DIRECTOR XERAL
Joaquín González Iglesias*

*DOU FE,
A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local*

Concepción Campos Acuña”

8(1056).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE MEDICIÓN FINAL DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 31.08.15, conformado pola xefa da Área da 1ª Tenencia de Alcaldía, conformado pola concelleira de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, aprobou o proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das “Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou “adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa

Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”.

Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear a Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

Con data 08/06/2015, asínase a data de recepción positiva das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, e nela fixébase a data do 8 de xullo de 2015 para o acto de medición final.

2.- Fundamentos xurídicos:

De conformidade co previsto no artigo 166.5 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, remítese ao contratista a acta de medición final das obras para que “no prazo de cinco días hábiles preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos”.

A recepción de dita notificación produciuse o 17 de agosto de 2015, segundo consta na proba de entrega do burofax que se acompaña a este expediente, aínda que a empresa UNIKA non formulou reparos nin conformou dito documento no prazo estipulado.

En consecuencia, e segundo o disposto no artigo 166.7 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, a dirección facultativa expide a correspondente relación valorada que será notificada ao contratista, dacordo co sinalado no artigo 149 do RD 1098/2001.

En base ao exposto, unha vez notificada a acta de medición final das obras, e expedida a relación valorada das mesmas, procede a súa remisión para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

– Tomar coñecemento da notificación da ACTA DE MEDICIÓN FINAL DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, á empresa UNIKA, así como da expedición da RELACIÓN VALORADA das mesmas, e a súa posterior remisión ao contratista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1057).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REPARACIÓN DO MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA E REDONDELA. EXPTE. 3365/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.07.15, o informe de fiscalización do 26.08.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.08.15, conformado polo concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data 29 de maio de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto para a "Reparación do muro na traza do Canal de Eiras, Camiño Condesa Torrecedeira, Cedeira - Redondela", por importe de 94.457,86 Euros, e que contén o expediente 3.246-440.

O citado proxecto foi contratado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, e redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luís Vilar Montoro e dirixido polo Xefe de Área de Fomento D. Álvaro Crespo Casal e o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Julio Carrasco Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CATRO MIL CATROCIENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.457,86 €).

Con data 9 de xullo de 2015, o Concelleiro delegado da Área de Fomento ordeou a esta xefatura o inicio do expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente que consta anexado no expediente 3.246/440 no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle indicación expresa da adecuación do mesmo á normativa sexal e sectorial, así como a adecuación á normativa técnica de aplicación.
- b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento en data 9 de xullo de 2015.
- c) Prego de Prescripcions técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luís Vilar Montoro e incluído no proxecto recollido no expediente 3.246/440.
- d) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactdo pola Xefa do Servizo de Contratación en data 20 de xullo de 2015.
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 31 de xullo de 2015.
- f) Documento contrable referido á existencia de crédito para a financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das obras previstas no proxecto REPARACIÓN DO MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA que básicamente consisten en:

Demoler a capa superficial de formigón adherida ao alzado do muro para a continuación selar e reparar calqueira fenda ou dano superficial.

Se executará unha nova canalización complementaria de diámetro 200 mm. con tubería de PVC coas súas correspondientes arquetas de conexión para reforzar a captación de augas en circunstancias de credidas.

A escaleira de acceso existente acondicionaráse eliminando a baranda de ladrillo actual, chorrearáse toda a súa superficie, aplicarásese un morteiro estrutural autonivelante nos peldaños e se atornillará unha baranda de aceiro inoxidable no seu borde cunha altura de 1,10 mts. Finalmente colocarásese unha baranda de rollizo de madeira maciza tratada con autoclave ao longo da coronación do muro e en paraleo á nova gabia.

O proxecto define a reparación do muro de formigón e a escaleira que serve de acceso desde o camiño Condesea Torrecedeira 25, A Aldea, Cedeira (Redondela), derivado do fallo resultante do recurso seguido como Proceso Ordinario nº 94/2011 no Xuzgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo, recollido na sentenza nº 58 do 9 de febreiro de 2015.

Estas obras teñen a condición dunha actuación de mantemento, xa que as mesmas teñen como fin solucionar un problema de caída do muro e escaleira de acceso, co fin de evitar un dano maior que leve implícito unha obra de reposición completa. Polo cal a consideración desta actuación non ten a identificación dunha obra de inversión e considerase axustada a unha actuación de mantemento e conservación.

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descriptiva que contén o expediente 3.246/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de maio de 2015 que se achega a éste, pasndo a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base o proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA no cal se determina o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O importe total do expediente de contratación ascende a un máximo de NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.457,86 €) sendo o importe correspondente ao IVE o de 16.393,51 Euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en NOVENTA E TRES MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS (93.677,22 €)

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establecece nun importe total de NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.457,86 €) sendo o importe correspondente ao IVE o de 16.393,51 Euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida: 1532.210.00.00, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, estableceuse tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En relación a memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vicunladas directamente coa sentenza nº 58 de data 9 de febreiro de 2015 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

3.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato, estableceuse a valoración por un único criterio.

3.1.-- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

3.1.1.- Prezo ofertado: *O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de CEN (100) puntos aplicándose esta puntuación de acordo cos seguintes criterios relacionados coa baixa realizada.*

- O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).*
- As fórmulas de aplicación deste criterios serán as que con carácter xeral se establezan nos PCAP, para os cálculos das puntuacións dos criterios, nos se que valore una diminución dos valores propostos pola Administración.*

4.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

5.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

6.- Esixencia de Clasificación:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar as seguintes clasificacións como acreditación da solvencia técnica e financeira.

- Grupo "G" Subgrupo "6", Categoría "B",*

7.- Subcontratación:

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

8.-- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

3.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra de desmontaxes, demolicións, drenaxes e pavimentos.

3.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Que baixo rasante das obras o estado e as condicións estruturais sexan distintas das recollidas no proxecto. Criterios de adaptación ao entorno, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de redacción do proxecto.

3.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

3.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

9.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

10.- Seguro:

O Adjudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adjudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha cuantía mínima de 300.000,00 €.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

- Primeiro: *Aprobar a contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "Reparación de muro na Traza do Canal de Eiras. Camiño Condesa Torrecedeira. Cedeira – Redondela".*
- Segundo: *Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 20 de xullo de 2015.*
- Terceiro: *Autorizar o gasto por un importe máximo de 94.457,86 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 16,393,52 €. A financiación das obras será con cargo á partida 1532.210.00.00. "Conservación de viais e espazos públicos".
O valor estimado do contrato estipúlase en NOVENTA E TRES MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS (93.677,22 €)*
- Cuarto: *Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1058).- TOMA DE COÑECEMENTO DO DOCUMENTO FINAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN AVDA. CASTRELOS, ENTRE AVDA. ALCALDE PORTANET E CLARA CAMPOAMOR”. EXPTE. 2547/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do responsable do referido contrato de obras, do 27.08.15, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto Técnico</i>	<i>Expediente 2547/440, por acordo da XGL en sesión do 14/08/2014</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 22/08/2014</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 2547/440. Aprobado pola XGL en sesión do 10/10/2014. Importe de licitación de 232.417,56 €.</i>
<i>Aplicación Orzamentaria Proxecto</i>	<i>1550.6190006 Mellora Infraestructuras parroquias.</i>
<i>Período de licitación</i>	<i>Do 17/10/2014 (anuncio BOP) ata o 12/11/2014.</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 17/12/2014 ORECO, S.A., por un prezo de 170.826,91 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>3 meses</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12+100 meses de incremento da garantía = 112 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>19/12/2014</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>A XGL do 19/12/2014, acordou o nomear a D. Álvaro Crespo Casal e D. María Fca Arlandis Marra. Expediente: 2780/443.</i>
<i>Coordinación de S e S.</i>	<i>A XGL do 19/12/2014, acordou o nomear a D. Roberto Pérez Prol (Coordina) con DNI. 44466539-H, enxeñeiro técnico agrícola, Colexiado nº 358. Expediente: 2780/443.</i>
<i>Plan de Seguridade e Saúde</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 20/01/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil ORECO, S.A. con data 19/01/2015 e de acordo co informe favorable de data 14/01/2015 asinados por D. Roberto Pérez Prol (Coordina), como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 2826/443.</i>
<i>Plan de Residuos</i>	<i>Se da conta a XGL en sesión do 20/01/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil ORECO, S.A. con data 19/01/2015 e co informe favorable de data 19/01/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como D.F. Expte: 2826/443.</i>
<i>Plan de Traballo</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 13/03/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil ORECO, S.A., con data</i>

	23/02/2015 e co informe favorable de data 24/02/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como DF. Expte: 2865/443.
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 13/03/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil ORECO, S.A. con data 23/02/2015 e co informe favorable de data 24/02/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como D.F. Expte: 2865/443.

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 3 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 28/01/2015. Se da conta a XGL con data 17/04/2015. Expte 2590/440
Data de inicio das obras	29/01/2015
Data inicial de finalización das obras	29/04/15

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
10/03/15	Certificación nº 1. Por execución de obra (ive incluído):	59.940,34 €
13/04/15	Certificación nº 2. Por execución de obra (ive incluído):	41.225,16 €
22/05/15	Certificación nº 3 e final. Por execución obra. (ive incluído):	69.661,39 €

A certificacións cumpren cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes ao mes de execución das obras.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSONAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra de Humanización da Avda Castrelos, entre Avda Alcalde Portanet e Clara Campoamor.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras. (consta na documentación gráfica anexa).

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo de data mayo 2015, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 02/01/2015, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 19/12/2015). Tamén consta no expediente o Anexo ao Acta de Comprobación de Replanteo de fecha 28/01/2015. A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación na sesión do 17/04/2015.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

- Programa de traballo, presentado pola empresa con data 23/02/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 24/02/2015. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 13/03/2015.
- Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa con data 19/01/2015 e coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 14/01/2015. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 20/01/2015.
- Plan de residuos, presentado pola empresa con data 19/01/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 19/01/2015. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 20/01/2015.
- Plan de calidade, presentado pola empresa con data 23/02/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 24/02/2015. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 13/03/2015.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizarán dentro do prazo máximo establecido do 29/04/2015 e con data 29 de abril asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto de "Humanización da Avda Castrelos, entre Avda Alcalde Portanet e Clara Campoamor". Determínase a data do 30/04/2015 para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 30 de abril de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 30 de maio e asinada por D. Álvaro Crespo Casal e Dña María Fca. Arlandis Marra, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Diego Prado Dopeso como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 22 de maio de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspondese cun período de 112 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 29/04/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 29/04/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar un informe sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 2547/440, correspondente a “Humanización da Avda Castrelos, entre Avda Alcalde Portanet e Clara Campoamor”.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Tomar coñecemento do DOCUMENTO FINAL correspondente a execución das obras do expediente 2547/440, correspondente a; “Humanización da Avda Castrelos, entre Avda Alcalde Portanet e Clara Campoamor”. A certificación final recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	161.412,29 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	95.590,07 €
Total execución material da certificación final	65.822,22 €
Gastos xerais (13%)	8.556,89 €
Beneficio industrial (6%)	3.949,33 €
Total:	78.328,44 €
IVE (21)%	12.089,99 €
Baixa adxudicación (26,5000016%)	20.757,04 €
Presuposto líquido global contractual	69.661,39 €

Esta certificación foi tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 1550.6190006.

- 2.- Tomar coñecemento do inicio do prazo de garantía da obra “Humanización da Avda Castrelos, entre Avda Alcalde Portanet e Clara Campoamor”, que de acordo co contrato asinado en data 19/12/2014 se corresponde con 112 meses, os cales terán efecto a partir da data de 29/04/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 19/04/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar un informe sobre o estado das obras e procederá á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP. Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1059).- TOMA DE COÑECEMENTO DO DOCUMENTO FINAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE”. EXPTE. 2546/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do responsable do referido contrato de obras, do 27.08.15, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto Técnico</i>	<i>Expediente 2546/440, por acordo da XGL en sesión do 14/08/2014</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 25/08/2014</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 2600/440. Aprobado pola XGL en sesión do 10/10/2014. Importe de licitación de 97.379,32 €.</i>
<i>Aplicación Orzamentaria Proxecto</i>	<i>1550.6190006 Mellora Infraestructuras parroquias.</i>
<i>Período de licitación</i>	<i>Do 17/10/2014 (anuncio BOP) ata o 12/11/2014.</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 17/12/2014 CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por un prezo de 67.844,18 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>3 meses</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12+108 meses de incremento da garantía = 120 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>19/12/2014</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>A XGL do 19/12/2014, acordou o nomear a D. Álvaro Crespo Casal e D. María Fca Arlandis Marra. Expediente: 2781/443.</i>
<i>Coordinación de S e S.</i>	<i>A XGL do 19/12/2014, acordou o nomear a D. Roberto Pérez Prol (Coordina) con DNI. 44466539-H, enxeñeiro técnico agrícola, Colexiado nº 358. Expediente: 2781/443.</i>
<i>Plan de Seguridade e Saúde</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 13/01/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. con data 08/01/2015 e de acordo co informe favorable de data 05/01/2015 asinados por D. Roberto Pérez Prol (Coordina), como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 2815/443.</i>
<i>Plan de Residuos</i>	<i>Se da conta a XGL en sesión do 13/01/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. con data 08/01/2015 e co informe favorable de data 12/01/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como D.F. Expte: 2815/443.</i>

Plan de Trabajo	Aprobado pola XGL en sesión de 23/03/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. con data 20/02/2015 e co informe favorable de data 23/02/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como DF. Expte: 2856/443.
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 23/03/2015, de acordo co documento presentado pola mercantil CONSTRUCCIONES VALE, S.L. con data 20/02/2015 e co informe favorable de data 23/02/2015 asinado por D. Álvaro Crespo Casal e María Fca Arlandis Marra, como D.F. Expte: 2856/443.

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 3 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 19/01/2015. Se da conta a XGL con data 17/04/2015. Expte 2600/440
Data de inicio das obras	20/01/2015
Data inicial de finalización das obras	20/04/15

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
30/01/15	Certificación nº 1. Por execución de obra (ive incluído):	00.000,00 €
27/02/15	Certificación nº 2. Por execución de obra (ive incluído):	29.008,46 €
31/03/15	Certificación nº 3. Por execución de obra. (ive incluído):	28.528,75 €
30/04/15	Certificación nº 4 y final. Por exec. de obra. (ive incluído):	10.306,97 €

A certificacións cumpren cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes ao mes de execución das obras.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras. (consta na documentación gráfica anexa).

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo de data abril 2015, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 02/01/2015, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 19/12/2015). Tamén consta no expediente o Anexo ao Acta de Comprobación de Replanteo de fecha 19/01/2015. A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación na sesión do 17/04/2015.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

- Programa de traballo, presentado pola empresa con data 20/02/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 23/02/2015. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 23/03/2015.
- Plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa con data 08/01/2015 e coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 05/01/2015. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 13/01/2015.
- Plan de residuos, presentado pola empresa con data 08/01/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 12/01/2015. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 13/01/2015.

–Plan de calidade, presentado pola empresa con data 20/02/2015 e coa conformidade do director facultativo de data 23/02/2015. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 23/03/2015.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizarán dentro do prazo máximo establecido do 20/04/2015 e con data 20 de abril asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto de “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE”.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, no mesmo acto, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Recepción asinada por D. Álvaro Crespo Casal e Dña María Fca. Arlandis Marra, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Laudelina Dominguez Cerdeira como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da Dirección Facultativa procedese, na data de 30 de abril de 2015, a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 120 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 21/04/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 21/04/2025. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar un informe sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 2546/440, correspondente a "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE".

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Tomar coñecemento do DOCUMENTO FINAL correspondente a execución das obras do expediente 2546/440, correspondente a; "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE". A certificación final recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	67.629,23 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	57.354,89 €
Total execución material da certificación final	10.274,34 €
Gastos xerais (13%)	1.335,66 €
Beneficio industrial (6%)	616,46 €
Total:	12.226,46 €
IVE (21)%	2.567,55 €
Baixa adxudicación (30,3300000%)	4.487,04 €
Presuposto líquido global contractual	10.306,97 €

Esta certificación foi tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 1550.6190006.

- 2.- Tomar coñecemento do inicio do prazo de garantía da obra "EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE", que de acordo co contrato asinado en data 19/12/2014 se corresponde con 120 meses, os cales terán efecto a partir da data de 21/04/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 21/04/2025. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar un informe sobre o estado das obras e procederá á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.
Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

12(1060).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE INVITACIÓN PARA PARTICIPAR NUN PROXECTO FINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO ENCADRADO NO PROGRAMA OPERATIVO DE EDUCACIÓN COÑECEMENTO, EIXE PRIORITARIO IV. EXPTE. 12173/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/09/15 e o de fiscalización do 08/09/15, dáse conta do informe-proposta do 27/08/15, do xefe do servizo conformao polo concelleiro-delegado de Emprego que di o seguinte:

“A Presidenta do Centro de Innovación Educativa (CIE), Dona Joanna Bochniarz , ven de invitar ao Concello de Vigo, a participar nun proxecto financiado polo Fondo Social Europeo (FSE), que se atopa encadrado no PROGRAMA OPERATIVO DE EDUCACIÓN COÑECEMENTO

Eixe prioritario IV A innovación social e a cooperación transnacional, Acción 4.3 A cooperación transnacional, que debe ter un compoñente transnacional aplicado fóra do Marco Común.

O Centro de Innovación Educativa (CIE), é unha organización sin ánimo de lucro polaca que ten por obxectivo aplicar melloras innovadoras ao sistema educativo Europeo.

A convocatoria de axudas realizada polo goberno polaco, ten a finalidade, e obxecto seguinte:

O obxectivo da convocatoria é desenvolver e implementar novas solucións, mediante a colaboración con socios estranxeiros nas seguintes áreas temáticas (cada proxecto só debe abordar unha área):

- 1. O aumento das oportunidades de emprego para os mozos sen traballo, incluíndo, en particular, aqueles que non participan na educación e a formación (Os mozos chamados “NINIs”).*
- 2. Aumentar o acceso ao emprego para os que non teñen un traballo a partir dos seguintes grupos: persoas con baixa cualificación, as persoas maiores de 50 anos de idade, mulleres, parados de longa duración e persoas con minusvalidez.*
- 3. O aumento do número ou rango dos servizos sociais prestados por entidades de economía social ou aumentar o nivel de utilización destes servizos por parte das administracións públicas.*
- 4. Conciliación da vida laboral e familiar.*

5. Métodos de manter a actividade económica das persoas maiores de 50 anos no sector das micro, pequenas e medianas empresas (incluíndo a xestión da idade).
6. Aumentar o acceso dos adultos de distintas formas de aprender durante toda a vida.
7. O aumento da empleabilidade dos alumnos das escolas e institucións de formación profesional.

Os temas foron elixidos pola súa importancia dende o punto de vista da política social do país, incluíndo os documentos estratéxicos e o importante valor engadido esperado a partir do intercambio de experiencias cos socios estranxeiros e o proceso de aprendizaxe mutua a nivel transnacional.

Co fin de mellorar a situación dos grupos destinatarios identificados nos temas especificados e facer fronte aos problemas diagnosticados en todas estas áreas é necesario non só utilizar os métodos ou instrumentos xa coñecidos, senón tamén buscar novas solucións. A cooperación transnacional facilita significativamente este proceso. Deste modo é posible utilizar a experiencia estranxeira, adaptando solucións xa utilizadas noutros países ou creando en colaboración cun socio estranxeiro novos métodos e instrumentos que contribúen a través da súa aplicación, á mellora das problemáticas identificadas. A execución destes proxectos transnacionais e a xeración de novas solucións, tamén debe contribuír a aumentar a eficacia doutras intervencións financiadas polo FSE en Polonia. Os proxectos presentados deben contribuír á consecución dos obxectivos do Programa Operativo Educación e Coñecemento de Polonia. En particular, deben formar parte da implementación da tipoloxía de accións 4.3 "Aplicación de novas solucións, en particular no ámbito da activación profesional, a aprendizaxe permanente e a formación e implementación de políticas públicas, a través da cooperación con socios estranxeiros,".

DATOS DA CONVOCATORIA:

Data límite de Presentación: 11/09/2015

Información convocatoria:

www.cpe.gov.pl

www.power.gov.pl

www.funduszeuropejskie.gov.pl

FINANCIAMENTO:

Financiamento FSE: 97% do custo elixible (o 3% restante cada socio).

Tamaño máximo e mínimo por proxecto: 500.000 PLM e 3.000.000 PLN (1 € =4 PLN)

Cobramentos: Defínense no contrato de axudas (prevense adiantos).

Custos directos: Gasto real / escandallo.

Custos indirectos: Tanto alzado.

25% dos custos directos - para proxectos por valor de ata 1 millón de PLN ou menos,

20% dos custos directos - para proxectos por valor de máis de 1 millón

15% dos custos directos - para proxectos por valor de máis de 2 millóns de PLN 5 millóns de PLN, inclusive,

Custos indirectos socios transnacionais: NON ELIXIBLES

CONDICIÓNS DA CONVOCATORIA:

Hai que elixir 1 tema dos 7 dispoñibles.

1. Inserción de NINIs

Tipos de actividades 4, obrigatorias 2:

Transferencia de novas solucións e a súa adaptación e aplicación;

Intercambio de información e experiencias

Estrutura do proxecto, 6 pasos obrigatorios:

- 1. Preparación dunha solución en cooperación cun socio transnacional.*
- 2. Proba da solución que ten no grupo obxectivo do proxecto co posible apoio do socio transnacional.*

Probas piloto con usuarios reais.

- 3. Análise dos efectos da solución de proba, tendo en conta a opinión dun experto/s substantivo e tendo en conta o apoio socio transnacional.*
- 4. Desenvolvemento da versión final do produto (modelo, ferramentas ou solucións) listos para a súa aplicación, tendo en conta os resultados das probas e análises, incluído o apoio para o socio transnacional.*
- 5. Actividades relacionadas coa aplicación dunha solución á práctica, posiblemente incluíndo o apoio a socio transnacional.*
- 6. Para desenvolver recomendacións para as institucións membros (que tamén pode ser un beneficiario ou socio transnacional) para asegurar o uso eficaz de solucións de sostibilidade desenvolvidas no proxecto de cooperación transnacional.*

Innovación das solucións:

Solución dun problema, que xa está parcialmente recoñecido, pero aínda non se elaboraron os seus propios métodos específicos de operación (coñecido problema - a falta de ferramentas);

Partenariado:

Enfoque do partenariado:

Dimensión transnacional:

Obrigatorio polo menos un socio non polaco.

O socio debe ter experiencia en proxectos de cooperación transnacional (polo menos un proxecto).

Duración máxima. 30 meses.

PROXECTO CONCELLO DE VIGO:

-Invita: CIE, Centro de innovación Educativa (ONG Polaca).

-Duración: 24 meses.

-Socio Transnacional: Concello de Vigo.

-Inicio previsto: Finais 2015

-Importe do proxecto: 475.000 €

-Financiamento FSE, Polonia: 97%

-Importe da participación do Concello de Vigo: 80.739 €

-Financiamento Concello de Vigo: 2.422 €

-Custos elixibles:

-Persoal directamente vinculado ao proxecto (non é certificable o gasto de persoal administrativo ou de pura dirección).

-Viaxes a Polonia

-Subcontratacións.

-Idea principal do proxecto:

-Desenvolvemento do sistema nacional polaco de certificados de profesionalidade, como ferramenta para a inserción de NINIs.

-Impartición de certificados de profesionalidade on-line como ferramenta para salvar as berreras á formación profesional.

-Prácticas non laborais vinculadas á formación profesional impartida.

-Orientación laboral grupal e desenvolvemento de redes cooperativas de busca de emprego.

Actividades a realizar polo Concello de Vigo:

- Preparación dunha solución en cooperación cos socios Polacos.*
- Monitorizar as probas piloto da solución implementar polos socios polacos.*
- Avaliar, cos socios polacos, os resultados das probas piloto.*
- Apoiar os socios polacos a desenvolver a versión final da solución (modelo, ferramentas ou solucións) listos para a súa aplicación, tendo en conta os resultados das probas e análise.*
- Apoiar os socios polacos na definición das estratexias de implantación da solución final a nivel nacional en Polonia.*
- Apoiar os socios polacos a desenvolver recomendacións para que outras institucións poidan facer uso eficaz da solución final.*

Tendo en conta a memoria do proxecto:

Obxectivo:

Desenvolvemento do sistema nacional polaco de certificados de profesionalidade, como ferramenta para a inserción de mozos que ni estudian ni traballan, que inclue ademais formación profesional, a orientación para a busca de emprego e a realización de prácticas laborais

Inicio do proxecto: Decembro 2015.

Remate do proxecto: Novembro 2017 (24 meses).

Importe do proxecto: 80.739,00 €

Financiación FSE: 97%.

Financiación concello: 3% (2.422,00 €)

2015 100,92 € con cargo a partida 2410 2279914

2016 1.211,00 € con cargo a partida 2410 2279914

2017 1.110,08 € con cargo a partida 2410 2279914

Polo anteriormente exposto PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aceptar a invitación realizada pola Presidenta Dona Joanna Bochniarz do Centro de Innovación Educativa (CIE) de participar no proxecto financiado polo Fondo Social Europeo, con un importe de 80.379,00 e, para:

- o Desenvolvemento do sistema nacional polaco de certificados de profesionalidade, como ferramenta para a inserción de NINIs.*
- o Impartición de certificados de profesionalidade on-line como ferramenta para salvar as berreras á formación profesional.*
- o Prácticas non laborais vinculadas á formación profesional impartida.*
- o Orientación laboral grupal e desenvolvemento de redes cooperativas de busca de emprego.*

2. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle corresponden no desenvolvemento deste proxecto, por un importe total de 2.422,00 €, distribuídos por nas seguintes anualidades:

- o 2015 100,92 €,*
- o 2016 1.211,00 €*
- o 2017 1.110,08 €*

Todos eles con cargo á partida 2410 2279914, dos orzamentos correspondentes, no caso de ser aprobado o proxecto.

3. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da proxecto diante do Centro de Innovación Educativa (CIE)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

13(1061).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CONXEMAR, NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 11852/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/07/15 e o de fiscalización do 08/09/15, dáse conta do informe-proposta do 01/09/15, do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

"Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, mediante a realización de ferias internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

..."

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está iniciando unha nova iniciativa de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova iniciativa de fomento do Emprego xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica que estamos a vivir.

Dentro desta iniciativa de fomento do Emprego temos en conta a situación do sector da alimentación e, dentro deste, o relacionado co comercio dos produtos derivados da pesca e da acuicultura e a potenciación do emprego no sector empresarial de produtos conxelados, fomentando o coñecemento internacional dos mesmos e a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral; tendo en conta que a realización desta feira internacional enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social.

A “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 19 de maio de 2015 co nº de documento 150063259, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto de apoio á “Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados CONXEMAR 2015” e ao “I Forum Internacional de Stakeholders da Pesca”, instrumentará a realización da feira e do forum, o que supón o mantemento dos postos de traballo da entidade, e a promoción do desenvolvemento empresarial, o que permitirá a dinamización da actividade económica da cidade nos diversos sectores implicados, así como permitir a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

-A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira ofrece a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción.

Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuindo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2014, e manteñen máis de 5.000 empregos directos.

-A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio.

Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

-O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira: a organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

-Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación em Vigo: na sede da Asociación em Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.

Non obstante, dado que a Feira é a principal fonte de ingresos para o mantemento tanto da estrutura da asociación como dos servizos que presta aos seus asociados, pode considerarse que contribúe ao mantemento da totalidade da plantilla da asociación que ascende a un total de 12 persoas traballadoras.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, complementaos, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
- Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

E tendo en conta a necesidade de dinamizar un sector que se atopa en recesión, mediante o seu coñecemento e dinamización o que permitirá a creación e mantemento de postos de traballo, e sendo a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)” a única entidade que ten entre os seus obxectivos a celebración da “Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados”, e que ten a experiencia necesaria, así como un profundo coñecemento do funcionamento e coordinación do comercio de produtos alimenticios conxelados, o que xustifica o interese público, social, económico e de creación de emprego, así como o ámbito de actuación restrinxido celebración da feira, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, por un importe total de 100.000,00 €, conforme ao establecido no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, con CIF: G36636819.

Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo e comprometer o mesmo a favor da “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

“Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, na

representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, don José Luís Freire Freire, como Presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 29 de Vigo, representación que acredita con certificación do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custos do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira e o Forum ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos

internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2014, e manteñen máis de 5.000 empregos directos.

- *A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira e do Forum xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2014, no que tivo 520 expositores de 40 países e 26.219 visitantes profesionais.*

Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hotéis da cidade colgan o cartel de completo.

- *O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira e do Forum: a organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e a do Forum implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.*
- *Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación en Vigo: na sede da Asociación en Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.*

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio con data 19 de maio de 2015 co nº de documento 150063259, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,

b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por grupos de idade e sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – XUÑO2015				
Desemprego	Total <25	Total >25	Homes	Mulleres
29.487	1.234	28.253	13.065	16.422

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – XUÑO2015					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
29.487	371	3.839	2.385	20.539	2.353

- Datos correspondentes a xuño 2015, segundo a web da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da implantación empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2014 contou coa participación de 520 expositores (40 máis que o ano anterior, destacando novamente a presenza da FAO) de 40 países (4 máis que no ano 2013), com visitantes profesionais procedentes de 94 países de todo o mundo (10 países máis que o ano anterior).

V.- Que CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, o Concello de Vigo e a dita CONXEMAR convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, comprométese a colaborar coa

Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

- 1. O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e do Forum, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe. A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.*
- 2. Mantemento de 6 profesionais dedicados á organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira na sede da Asociación en Vigo.*
- 3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- 4. Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- 5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- 6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- 10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- Respetar a estrutura organizativa de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.*
- Conceder directamente á CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida 2410.4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2015, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sétimo.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:*

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Oitavo.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

Noveno.- *Comisión de seguimento*

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

. O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.

. Tres vogais:

1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Dous membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do **1 de novembro de 2015**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

2. As Retribucións de persoal da entidade correspondentes aos 10 días anteriores e os 5 posteriores á celebración da feira e o forum, xustificaranse mediante:
 - ▯) Copia autenticada do contrato.
 - ▯) Copia autenticada do TC1 e TC2.
 - ▯) Copia autenticada das nóminas.

- ▯) Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
 - ▯) Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.
3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e á área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.
 4. Serán gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2015 e o 31 de outubro de 2015.
 5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de abril e o 31 de outubro de 2015**, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da feira e do forum.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención,

procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

Décimo novena.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2015.

*O Concelleiro de Economía,
Industria, Emprego, Voluntariado
e Relación cos Sindicatos
Santos Héctor Rodríguez Díaz*

*O Presidente de CONXEMAR
José Luís Freire Freire”*

14(1062).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez